

CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE MAIO DE 2009

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de maio de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo *

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:

D. José M. Francisco Mata Buyo (Grupo municipal Socialista)
D. José Eduardo Zapata Roel (Grupo municipal do Partido Popular)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario accidental: D. Indalecio Taibo Salorio

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 19 DE XANEIRO, 26 DE MARZO E 11 DE MAIO DE 2009.**
- 2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 258/2009, DE 6 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.**

3.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA, EN RELACIÓN CO PROXECTO DA OBRA DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, DIRECCIÓN XERAL DE COSTAS, DEMARCACIÓN DE COSTAS EN GALICIA, DENOMINADA “*ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL EN LA RÍA DE PEDRIDO, TT.MM. BERGONDO, PADERNE, SADA Y MIÑO (A CORUÑA)*”, E ADENDA NÚM. 1 DO CITADO PROXECTO.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2009, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE EMERXENCIA E OUTROS ANÁLOGOS.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “*REPARACIÓN Y MEJORA DE LA RED DE AGUAS PLUVIALES EN EL PEDRIDO. CONCELLO DE BERGONDO*”.

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “*SISTEMA XERAL DE SANEAMIENTO. CONCELLO DE BERGONDO*”.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, NOMEADOS “*REDES DE SANEAMIENTO Y PLUVIALES EN BERGONDO (LUGAR DE SAN ISIDRO)*” E “*RED DE SANEAMIENTO EN CORTIÑÁN (LUGARES DE A FRAGA, OS CURROS Y OS CAMPOS)*”

10.- ASUNTOS URXENTES

11.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 19 DE XANEIRO, 26 DE MARZO E 11 DE MAIO DE 2009.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 19 de xaneiro, 26 de marzo e 11 de maio de 2009. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade dos asistentes.

2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 258/2009, DE 6 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

Dáse conta ós/ás asistentes do decreto de Alcaldía núm. 258/2009, de 6 de abril, informado favorablemente para a súa ratificación pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrito literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA=Asunto: Revisión do Padrón municipal de habitantes=1º) Que a Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística (INE) remitiunos un escrito con data 30/03/09 e núm.2013 de Rexistro xeral de entrada, no que comunica, entre outros, que o concello dispón ata o vindeiro 10 de abril para enviarlles un oficio no que se especifique a cifra de poboación resultante da revisión realizada por ese concello xunto co ficheiro C15008AI.009, copia do padrón completo a 1 de xaneiro de 2009, segundo o disposto no apartado IV da Resolución de 25 de outubro de 2005, da Presidenta do INE e do Director xeral de Cooperación Local, pola que se ditan instrucións técnicas ós concellos sobre a revisión anual do Padrón municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

2º) Así mesmo os art.81,82 e 83 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial vixente, recollen os trámites a seguir para a revisión do Padrón municipal de habitantes, esixindo no art.81 a aprobación polos concellos dos seus padróns municipais.

Igualmente a Resolución de 25 de outubro de 2005 antes citada, publicada no BOE de data 23/11/05, refírese expresamente no apartado I ó citado art.81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.

3º) A funcionaria encargada da xestión do Servizo do Padrón municipal deste concello, emitiu, con data 01/04/09, un informe favorable.

En base ó exposto,

R E S O L V O :

- *Primeiro: Aproba-la revisión do Padrón municipal de habitantes deste concello, referida ó 1 de xaneiro de 2009, cunha cifra de poboación de 6713 habitantes.*
- *Segundo: Remitir ó INE unha certificación do presente decreto, así como o ficheiro “C15008AI.009” no que se inclúe copia do padrón completo a 1 de xaneiro de 2009.*
- *Terceiro: Dar conta ó Pleno para a súa ratificación, se procede.*

Bergondo, 6 de abril de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Os/as asistentes, despois da correspondente deliberación, ratifican o Decreto antes transcrito.

3.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA, EN RELACIÓN CO PROXECTO DA OBRA DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, DIRECCIÓN XERAL DE COSTAS, DEMARCACIÓN DE COSTAS EN GALICIA, DENOMINADA “ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL EN LA RÍA DE PEDRIDO, TT.MM. BERGONDO, PADERNE, SADA Y MIÑO (A CORUÑA)”, E ADENDA NÚM. 1 DO CITADO PROXECTO.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data 09/03/2009 e núm. 1539 segundo o rexistro xeral, recibíuse un escrito do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas- Demarcación de Costas en Galicia, co que se achega a adenda do proxecto denominado “Actuación medioambiental en la ría del Pedrido, TT.MM. Bergondo, Paderne, Sada y Miño (A Coruña)”

En consecuencia, procedeuse por esta administración a expoñer o anuncio de información pública da adenda anteriormente citada, constando no expediente o certificado acreditativo, do día 29/04/2009, de non presentarse ningunha alegación no prazo indicado. Así mesmo, consta informe emitido polo arquitecto técnico municipal do día 06/05/09 no que manifesta a conformidade co proxecto.

Baseándose no anterior, proponse ao Pleno da Corporación que, logo de ver o expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Outorgar conformidade ao proxecto denominado “Actuación medioambiental en la ría del Pedrido, TT.MM. Bergondo, Paderne, Sada y Miño (A Coruña)” e a súa Adenda.*

Segundo: *Adquirir o compromiso de que unha vez finalizadas as obras e formalizada a acta de recepción correspondente ao proxecto de “Actuación medioambiental en la ría del Pedrido, TT.MM. Bergondo, Paderne, Sada y Miño (A Coruña)” do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas – Demarcación de Costas en Galicia, este concello comprométese a facerse cargo do seu mantemento.*

Terceiro: *Recoñecer expresamente, que de acordo co previsto no artigo 111.3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, esta obra está exenta do abono das taxas pola expedición de licenzas esixibles de acordo coa normativa urbanística.*

Cuarto: *Remitir a certificación do presente acordo á Demarcación de Costas en Galicia.*

Non obstante ao anterior, o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 6 de maio de 2009 =A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente a Sra. alcaldesa manifesta: como xa dixemos na Comisión Informativa, o proxecto xa foi aprobado polo Pleno nunha sesión do ano 2007, agora volve outra vez con esa Adenda do estudo de impacto medioambiental

A continuación toma a palabra o Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle, e di: a nosa postura é a favor, pero queremos puntualizar que no informe dos Servizos Técnicos alúdese ó dragado de sedimentos respectando os bancos marisqueiros, gustaríanos saber, xa que vai ser competencia do concello o mantemento, se se están estudando alternativas e solucións para o caso de se vexan afectados os bancos de marisqueo.

Sra. alcaldesa: non se ven afectados porque, precisamente, o estudo así o indica; se tiveron en conta as Cofradías, polo que entendemos que se adoptaron todas esas medidas.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro, e manifesta: respecto a este punto, no ano 2007 vimos que durante o dragado vanse a extraer e remover sedimentos con bacterias tipo hepatite E e E1; entón había unha parte que dicía que o control dos accesos ás praias e o marisqueo vai estar vedado durante ese tempo, a pregunta é: ¿supoño que os gardas e todo o que sexa adicional é cuestión do concello?.

Sra. alcaldesa: cando comecen estas obras a Demarcación de Costas comunicárase con nós e poñeremos os medios que correspondan.

Sr. voceiro de VB: tendo en conta que se se van mover sedimentos con bacterias bastantes perigosas, hai que ter coidado. Despois á recepción da obra hai que ter en conta que non queden cousas pendentes, para que despois o mantemento polo concello sexa o mínimo posible.

Sra. alcaldesa: a recepción das obras lles compete ó ministerio, pero pola parte que nos toca trataremos de controlalas.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: soamente aclarar que no apartado segundo di que este concello farase cargo do seu mantemento, supoño que será un cargo conxunto cos demais concellos, e se hai algo prefixado ó respecto.

Sra. alcaldesa: é o modelo de acordo literal, temos que adoptar ese acordo; non hai nada polo que nós poidamos calcular agora mesmo o custo que nos pode supoñer, e, o mesmo que nos din a nós e o que lle van dicir ó resto dos concellos implicados.

Sr. voceiro do BNG: o sexa, facernos todos cargo do que corresponda.

Sr. voceiro de VB: pero non facernos cargo dos areas, soamente infraestruturas básicas, de contención, de alumeadado.....

Sra. alcaldesa: os areas son de Costas.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as dez concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2009, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2009, no que se inclúe un suplemento de crédito, por un importe de 1.492.200,18 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulo VI de Inversións Reais e ó Capítulo II correspondente a gastos de Bens correntes e de Servizos, e xustificada a urxencia das citadas modificacións na Memoria da Alcaldía de data 15 de maio de 2009 que consta no presente expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 15 de maio de 2009, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por partidas orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, proponse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito referida, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás partidas que se detallan a continuación e polo importe reflectido:*

Capítulo II: Gastos en Bens Correntes e de Servizos.

Partida orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación Inicial	Incremento	Consignación Definitiva
121/220.00	Material de oficina	10.000,00	5.000,00	15.000,00
121/221.00	Administración Xeral. Enerxía Eléctrica	65.000,00	20.000,00	85.000,00
121/222.01	Administración Xeral. Comunicacions Postais	10.000,00	5.000,00	15.000,00
222/221.04	Seguridade. Vestiario	5.000,00	2.000,00	7.000,00
313/226.08	Servizos Socias. Programa 2	25.000,00	15.000,00	40.000,00
313/227.01	Servizos Sociais. Dependencia	15.000,00	35.000,00	50.000,00

422/226.09	Ensinanza. Gastos diversos	0,00	20.000,00	20.000,00
432/213.00	Iluminación pública. Reparacións	15.000,00	15.000,00	30.000,00
432/227.06	Urbanismo e arquitectura. Estudos e traballos técnicos	90.000,00	130.000,00	220.000,00
441/219.00	Saneamento. Outro inmovilizado material	10.000,00	40.000,00	50.000,00
441/221.01	Saneamento e abastecemento de auga	609.392,03	220.000,00	829.392,03
451/226.08	Promoción da cultura. Gastos diversos	30.000,00	40.000,00	70.000,00
511/214.00	Material de transporte	10.000,00	15.000,00	25.000,00
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	894.392,03	562.000,00	1.456.392,03

Capítulo VI: Inversións reais:

Partida orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación Inicial	Incremento	Consignación Definitiva
121/600.00	Adquisición de terreos: expropiacións Tatín- San Cidre	550.000,00	380.200,18	930.200,18
451/635.00	Mobiliario centros cultura	2.000,00	25.000,00	27.000,00
452/611.00	Acondicionamento instalacións deportivas	15.000,00	25.000,00	40.000,00
511/611.00	Estradas e camiños. Plan municipal de pequenas infraestruturas	200.000,00	100.000,00	300.000,00
511/611.01	Plan de saneamento municipal	417.189,21	400.000,00	817.189,21
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	1.184.189,21	930.200,18	2.114.389,39

TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO: 1.492.200,18 euros

O financiamento deste suplemento de crédito proposto realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data: 2.605.489,91 euros

Cantidade que se precisa utilizar neste expediente: 1.492.200,18 euros

Diferenza, cantidade de Remanente sobrante: 1.113.289,73 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2009 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Crédito inicial	Aumento	Diminuicións	Créditos definitivo
1.- Gastos de persoal	2.129.214,39	0,00	0,00	2.129.214,39
2.- Gastos bens correntes e serviz.	2.066.378,69	562.000,00	0,00	2.628.378,69
3.- Gastos financeiros	40.000,00	0,00	0,00	40.000,00
4.- Transferencias correntes	214.450,00	0,00	0,00	214.450,00
6.- Inversións reais	1.874.180,35	930.200,18	0,00	2.804.380,53
7.- Transferencias de capital	901,01	0,00	0,00	901,01
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	45.000,00	0,00	0,00	45.000,00
TOTAIS	6.392.124,44	1.492.200,18	0,00	7.884.324,62

TERCEIRO: Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

CUARTO: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

QUINTO: Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma. O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 15 de maio de 2009=A Alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

A continuación a Sra. alcaldesa manifiesta: xa explicamos na Comisión Informativa que a maior parte vanse dedicar a inversións; hai algunhas partidas que tamén teñen a súa repercusión despois en inversións, que son de gastos. Son as de gastos en estudos, que por mor das convocatorias de subvencións nas que se participou, houbo un gran desembolso nesa partida.

Tamén se suplementan algunhas partidas de enerxía, que agora están un pouco escasas.

Toma a palabra o Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle, e di: nós queremos puntualizar que hai unha falta de previsión por parte desta Corporación, xa que en cinco meses dende a aprobación do Orzamento, levamos dous suplementos de crédito, e sobre todo porque estamos arrastrando facturas do exercicio 2008, como é a partida 441/221. Hai partidas que consideramos que eran previsibles, como é a 222/221, como é a de seguridade e vestiario que xa se tiña coñecemento de que nos presupostos ían incluídas dúas prazas para a policía local e que ía ser necesario dotalos de uniforme. A partida 451/226 a viaxe a Estados Unidos, que non é a primeira vez que se realiza e deberían estar previstos estes gastos.

O Partido Popular esta de acordo en que hai que facer inversións, xa sexan de saneamento de acondicionamento, pero cremos que non se está levando a cabo unha boa previsión por parte da Corporación; queremos mencionar á partida 441/221, que é a factura de baleirado da fosa aséptica da Urbanización dos Girasoles, por valor de 70.000 euros, que é anterior ó exercicio 2009 e que volve a descadRAR os presupostos; factura que para mais *inri* está baseada nun contrato verbal que non ten base xurídica para a súa aprobación, polo tanto a nosa postura é a abstención.

Sra. alcaldesa: puntualizar que é o primeiro suplemento de crédito que se trae, non o segundo. Indicar que en relación con algunha destas partidas que sinalou, por exemplo a da viaxe a EE.UU., que o ano pasado foi subvencionado, practicamente na súa totalidade, pola Deputación; este ano hai subvencións tamén pero non as suficientes, polo que se adopta o criterio de facer este suplemento. Respecto á seguridade e vestiario, estase suplementando unha cantidade pequena, mais ben por previsión, a inversión forte será para o ano que ven, cando estean traballando todos os axentes.

En cantos ós temas de saneamento e auga, respecto a esa factura que vostede mencionou, efectivamente descadra un pouco os gastos, precisamente por iso se trae un suplemento de crédito.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián e di: gustaríame que fixera unha reflexión, da consigna inicial o que se pretende aprobar é o 70% do total, é dicir, é case un 30% mais do que se tiña previsto. Hai partidas que creo que deberían pararse a pensar antes de dotalas; a da luz tódolos anos a estamos suplementado, hai outras, como é a do Servizos Sociais que ata é bo, porque supoño que apareceran cousas novas. En definitiva o que vostede nos propón e incrementar un 10% o Orzamento inicial do exercicio 2009, nos gustaría que reflexionaran un pouco e viran se nos procesos nos que vostedes identifican as partidas presupostarias para acometer todas as infraestruturas, a principios de ano, se poidan axustar de tal maneira que acertemos mais e non ter unha desviación dun 10% no mes cinco. Nós ímonos a abster.

Sra. alcaldesa: non é tanta a desviación, aínda que comprendo a súa preocupación co tema da luz. En vez de esperar a finais de ano, facemos este suplemento agora para poder realizar mais inversión. O presuposto que se fixo no seu momento era o que realmente se podía facer, porque hai gastos que xa están calculados, hai unha cantidade fixa que son os gastos de persoal, hai unha cantidade fixa que son os gastos correntes, que se intentan minorizar o posible. A Corporación tamén ten a obriga de facer as máximas inversións posibles; entre as inversións que xa estaban plantexadas no Orzamento, as inversións

que veñen do Fondo Estatal, e agora con este suplemento, somos un dos concellos que mais porcentaxe de inversións está facendo en toda a área.

Sr. voceiro de VB: dígolle isto porque aínda que este concello agora vai inverter mais, por exemplo en estudos técnicos de urbanismo, dobramos o presuposto inicial, non é solo ter unha previsión do que se vai gastar, senón revisar todo o proceso; si realmente a finais de ano acometemos ben as partidas que temos para cada índice do presuposto, ou non.

Sra. alcaldesa: nesa partida en concreto, en relación co ano anterior, este ano levamos moitos mais proxectos porque o viamos viable, e ademais, pensamos que deberíamos concorrer a calquera das subvencións que no seu momento se plantexaron; é un ano extraordinario, que non quere dicir que o ano que ven non sexa igual.

Sr. voceiro de VB: vólvolle a insistir, no mes cinco, un 30% extra no capítulo de inversións e mais 10% do presuposto é un pouco pintoresco.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: insistir que no Capítulo II, de gastos en bens correntes e servizos, o incremento respecto á consignación inicial é de sesenta e tantos por cen, no de inversións reais é do oitenta e tantos por cen, en total non é do 10% do presuposto, senón que é vinte e dous e pico por cen. Parécenos demasiado que en cinco meses haxa un cambio tan grande de previsión presupuestaria. O remanente líquido de Tesourería, tódolos anos estamos tendo cerca de tres millóns de euros, que e case o 50% do presuposto, esas cifras hainas que ir mirando. Nós imos votar abstención.

Sra. alcaldesa: precisamente porque temos esa remanente de tesourería podemos agora facer este suplemento, o podemos facer incluso tódolos anos. Este ano o podemos facer en maio para poder acometer mais inversión, non é para nada esaxerado. O feito de ter un remanente de tesourería non é para presumir, porque un concello non está para aforrar, senón para inverter, pero grazas ás inversións que fixeron outras administracións este remanente foi aumentando, por iso neste intre podemos acometer algunhas obras como as dos proxectos que levamos agora para a súa aprobación. Senón tiveramos agora ese remanente non poderíamos facer ningún convenio con ningunha das administracións.

Sr. voceiro do BNG: pero tamén hai que miralo noutro sentido, ese remanente haino porque non se gastou cando correspondía.

Sra. alcaldesa: non exactamente, non se gastou porque o que se tiña previsto o fixeron outras administracións. Vostede me dí que é unha desviación do 20% ¿porque?, porque nos axustamos na partida de ingresos, e cando se fai o orzamento os gastos non poden superar os ingresos. O mellor noutros concellos o que se fai é facer unha estimación dos ingresos moito maior para poder aplicar mais gastos.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: unha (1) abstención; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións

Total: cinco (5) votos a favor e cinco (5) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada a proposta antes transcrita.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes do expediente correspondente a este punto da Orde do Día, no que consta, entre outros, a factura número 211900900000168 da empresa Aquagest PTFA, S.A. por importe de 69.550,00 euros, que tivo entrada no concello o día 14 de maio de 2009, co núm. de Rexistro de Entrada 3140, e que recolle no concepto o seguinte: *vaciado fosa urbanización Girasoles pendientes hasta la actualidad*. Así mesmo consta no expediente a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Visto o xustificante de gasto de referencia por importe de 69.550,00 euros e os documentos que a integran, así como a fiscalización expresada mediante informe da Interventora de data 15 de maio de 2009, e en virtude do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, e tendo en conta as competencias que me outorga a Lexislación de Réxime local aplicable, así como o establecido no artigo 217.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, **PROPOÑO** que se adopte o seguinte acordo:*

1º) Resolver e levantar o reparo suspensivo realizado pola Intervención municipal, motivándose isto na efectiva prestación dos servizos e na obriga de remunerar os mesmos, para evitar que se produza un enriquecemento inxusto por parte do Concello, e para poder proceder á tramitación da correspondente factura.

2º) Aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito, dentro do Orzamento ordinario para 2009 e recoñecer as obrigacións correspondentes por importe de 69.550,00 euros.

3º) Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo á partida orzamentaria que consta no expediente, por existir crédito dispoñible non comprometido.

4º) Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 15 de maio de 2009=A Alcaldesa = Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

A continuación a Sra. alcaldesa manifesta: esta é unha factura que corresponde a anos anteriores do baleirado da fosa séptica da urbanización Os Girasoles en Guísamo, que ten un reparo da Intervención porque son gastos imputables a outros exercicios, pero que se trae agora porque é un traballo realizado e se debe pagar.

A Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle manifesta: nós encontramos que hai unha factura por un valor de case 70.000 euros e que está baseada nun gasto cuxa orixe é un contrato verbal; non hai un expediente nin un procedemento que acredite o servizo obxecto da factura, que non hai un detalle exhaustivo dos servizos realizados e tampouco datas que determinen cando se fixeron; estamos a falar dunha débeda de case 70.000 euros e non se nos está aportando un informe cunha base xurídica para que nós podamos proceder á súa aprobación. É lóxico que o concello asuma e pague as débedas, sobre todo se son de anos anteriores, pero o que non é lóxico é que non exista un informe que sustente e avale este recoñecemento extrajudicial, polo que o noso voto é a abstención.

Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián: nós estamos de acordo en que se pague esta factura canto antes, son traballos recoñecidos por ambas partes e por fin vese unha solución; aprobamos esta proposta.

Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: nós, tendo en conta todo o ocorrido con este tema, e a pesares de que sempre que temos un reparo suspensivo, ou un informe negativo da Intervención temos por norma absternos, imos votar a favor; tamén queremos dicir que non deben ocorrer casos coma este no futuro.

Sra. alcaldesa: de todos modos, pediráselle á empresa que faga un informe máis exhaustivo que se poida engadir á factura, no que se detallen os traballos e quede o expediente máis completo, en beneficio da Corporación que está aprobando esta factura, e se poida fundamentar xuridicamente un pouco máis.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) voto a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor

Total: oito (8) votos a favor e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE EMERXENCIA E OUTROS ANÁLOGOS.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de aprobar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos de emerxencia e outros análogos, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de emerxencia e outros análogos, cuxo texto queda como segue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE EMERXENCIAS E OUTROS ANÁLOGOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 e 20.4 k) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece a "taxa por prestación do servizos de emerxencias e outros análogos", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do devandito Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos servizos nos casos de alarmas derivadas de incendios, accidentes de tráfico, afundimentos totais ou parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrubas, inundacións, salvamentos, corte de silvas e outros análogos, ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2.- Non estará suxeito a esta taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada pola Corporación.

3.- Non estarán suxeitas a esta taxa, as saídas dos medios do Servizo que non cheguen a utilizarse, sempre e cando non fosen requiridos polo suxeito pasivo.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, os usuarios dos bens e terreos sinistrados que fosen obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos devanditos bens e terreos obxecto da actuación.

2.- Cando se trate da prestación de servizos de salvamento e outros análogos, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica e as entidades do artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que os solicítase ou en cuxo interese redunde a prestación realizada.

3.- Terá a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, accidentes de tráfico, prevención de ruínas, construcións e derrubas, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidaria e subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Exencións subxectivas

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional, previo informe dos servizos sociais municipais.

Artigo 6º.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2.- Para tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeiro: Persoal	EUROS
Por cada técnico superior, por hora ou fracción	30,00
Por cada técnico medio, por hora ou fracción	25,00
Por cada capataz, por hora ou fracción	15,00
Por coordinador de protección civil, por hora ou fracción	16,00
Por cada condutor, por hora ou fracción	14,00
Por cada operario, por hora ou fracción	14,00
Epígrafe segundo: Vehículos	
Bomba Urbana Lixeira (B.U.L), vehículo primeira intervención, por hora ou fracción	28,00
Bomba forestal, por hora ou fracción	24,00
Vehículo todoterreo e análogos, por hora ou fracción	18,00
Por quilómetros percorridos por unidade	0,19

Epígrafe terceiro: Material non consumible	
Grupo electróxico, electrobomba e similares, por hora ou fracción	10,00
Motoserra	5,00
Material lixeiro, por hora ou fracción	1,00
Epígrafe cuarto: Material consumible	
Por kg de espumóxico	5,00
Por l de líquido dispersante	2,00
Por botella de aire comprimido respirable	10,00
Por extintor	25,00

3.- A cota tributaria total será a suma das correspondentes aos epígrafes da tarifa, tendo en conta que: Para os efectos do disposto no epígrafe 1º, 2º e 3º do apartado anterior, o tempo investido na prestación do servizo computarase dende a saída ata o regreso á base.

Artigo 7º.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia da base a dotación correspondente, momento no que se inicia para todos os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8º.- Réxime de liquidación e ingreso

1.- O Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias efectuará o parte de cada unha das súas actuacións expoñendo as circunstancias que en cada caso concorran e especialmente aquelas que, de conformidade co disposto no artigo 2, poden dar lugar a inesixencia da taxa.

2.- O coordinador do servizo remitiralles aos servizos tributarios deste Concello, dentro dos quince días seguintes á prestación de calquera servizo suxeito a tributación, a relación detallada de todas as circunstancias necesarias para practicar a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1.- A prestación dos servizos a que se refire a presente ordenanza, fóra do termo municipal, só se levará a cabo logo da solicitude expresa do alcalde ou concelleiro delegado do respectivo municipio e mediante a autorización específica do alcalde ou concelleiro delegado desta Corporación.

2.- Neste caso, será suxeito pasivo o contribuínte, na súa calidade de beneficiario do servizo prestado e solicitante deste o Concello en cuestión.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2009 e entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia..

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.=Bergondo, 14 de maio de 2009=A Alcaldesa =Asdo.: Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: con este modelo de ordenanza se intentan recoller os casos que se poden dar neste concello, cos materiais e o persoal que hai e regular o servizo que se ven prestando en casos de emerxencia, e, cando se poida, obter unha contraprestación polo servizo prestado.

Toma a palabra a Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle e manifesta: nós votamos a favor, xa que esta ordenanza foi pedida polo Partido Popular en sucesivas ocasións, simplemente matizar que comparándoa con outras, como pode ser a de Narón, podería ser máis ampla e contemplar máis casos.

Sra. alcaldesa: nós xa manifestamos na Comisión Informativa , contemplamos os casos que se levan a cabo neste concello basicamente, en todo caso, todo é modificable.

Seguidamente, toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: nós aprobamos esta ordenanza, e non solo a pediu o PP, a pedimos todos os Partidos. Solo puntualizar que as ordenanzas despois de que se inician hai que desenvolverlas e adaptalas a todos os casos que ocorran nun ano ou mais, é dicir, baseada na experiencia hai que seguir desenvolvendo a ordenanza, é moi superficial, para comezar está ben.

Sra. alcaldesa: efectivamente, a experiencia nos dirá no momento en que se vaia desenvolvendo; é un modelo que esta baseado na ordenanza de Cambre e na de Miño, son concellos parellos a este.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: a nosa postura vai ser a abstención.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) voto a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións..

Total: oito (8) votos a favor e dúas (2) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “REPARACIÓN Y MEJORA DE LA RED DE AGUAS PLUVIALES EN EL PEDRIDO. CONCELLO DE BERGONDO”.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Este concello ten previsto realizar reparacións e melloras na rede de augas pluviais no Pedrido, no Concello de Bergondo, polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 18/05/09 e que xa consta no expediente.

En consecuencia co anterior proponse ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- *Aproba lo proxecto nomeado “Reparación e mellora da rede de augas pluviais no Pedrido (Concello de Bergondo)”, cun importe de 38.218,05 € e IVE de 6.114,89 €, redactado por D. Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños, C e P, colexiado núm.4.657.*

Segundo.- *Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.*

Terceiro.- *Comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*

Cuarto.- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 18 de maio de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

A continuación a Sra. alcaldesa manifesta: xa falamos no seu día deste proxecto, tráese para a súa aprobación para poder iniciar os traballos e a contratación, incluso tamén porque vai unido ó suplemento de crédito, para poder facer a obra.

A Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle di: nós votamos a favor, pero pedimos que o camiño teña caída para a recollida de pluviais, xa que se vai facer na marxe contrario a onde realmente apoza a auga, entón tamén nos preguntamos porque se fai nese lado e non no contrario, así evitaríase levantar o asfalto.

Sra. alcaldesa: o outro día, na Comisión, o concelleiro de Obras xa lle contestou ó seu compañeiro que iso xa o viran os redactores do proxecto, e consideraban que esta era a mellor opción.

O Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro di: aprobamos esta proposta, porque ademais é unha necesidade.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: nós tamén imos votar a favor, simplemente sinalar que temos dúbidas de que a solución sexa efectiva cen por cen; ademais queremos sinalar que o problema, en parte, está causado por un recheo ilegal e que se deberían tomar medidas para que iso non ocorra.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as dez concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “SISTEMA XERAL DE SANEAMENTO. CONCELLO DE BERGONDO”.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Este concello ten previsto realizar as obras para o Sistema Xeral de Saneamento do concello de Bergondo, polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 18/05/09 e que xa consta no expediente.

En consecuencia co anterior propónse ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- *Aproba lo proxecto nomeado “Sistema Xeral de saneamento. Concello de Bergondo”, cun importe de 572.123,77 € e IVE de 91.539,80 €, redactado por D. José Luís Piñeiro Arnoso, Enxeñeiro de Camiños, C e P, colexiado núm. 5.178.*

Segundo.- *Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.*

Terceiro.- *Comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*

Cuarto.- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 18 de maio de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: este proxecto figura xa en Augas de Galicia, a intención, no seu momento, era establecer un convenio de que eles financiaban o 70% e nós o 30%, compromiso que esperamos se siga mantendo; xa que están traballando no proxecto, xa que nos están reclamando documentación, traémolo para a súa aprobación neste momento indistintamente de que nalgún outro momento se teña que traer algunha aprobación de convenio ou calquera trámite que nos pidan de Augas de Galicia para poder iniciar a tramitación. Tampouco está aínda consensuado se a contratación sería por Augas ou polo concello, simplemente había ese compromiso desa financiación conxunta.

A Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle di: o noso voto é a favor, pero queremos aproveitar para pedir a creación, xa que se están poñendo os tubos en redes, para a colocación dunha senda peonil, que haxa unha reunión cos veciños para a cesión de terreos e así a creación dunha senda peonil con cargo a partidas municipais.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: ¿poderíanos dicir algo máis desa senda? ¿en que zona se faría?.

Sra. concelleira do PP: sería na obra que se está a facer, pois nese tramo nós queremos que vaia unha senda peonil.

Sra. alcaldesa: hai parte deste proxecto que leva unha zona por Santa Marta e Rois.

Sr. voceiro de VB: sería mellor unha consulta cos veciños

Sra. concelleira do PP: nós é o que propoñemos.

Sr. voceiro de VB:este proxecto que, ademais se chama Saneamento do Concello de Bergondo, está ben, pero onde vertemos, hai que espabilar coa obra da depuradora de Gandarío, porque imos terminar co saneamento e non se vai poder usar.

Sra. alcaldesa: respecto a esa obra, fixéronse os traballos de campo, e estamos a expensas de que agora Augas de Galicia nos mande un protocolo que xa está firmado dende fai dous meses, para autorizarnos ás expropiacións.

Sr. voceiro de VB: iso vai levar un tempo.

Sra. alcaldesa: efectivamente, por iso esperamos que nolas autoricen canto antes; de feito, como non coñecemos o importe total desas expropiacións pode que noutro momento teñamos que facer outro suplemento de crédito.

Sr. voceiro de VB: que estaría máis que xustificado.

Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: cando lin o enunciado do punto 8, *sistema xeral de saneamento. concello de Bergondo*, pensei por fin vai todo o saneamento do concello, pero non é así, realmente son tramos de colectores en determinadas zonas, convén axustar os títulos.

Sra. alcaldesa: de feito é un proxecto importante, xa que estamos falando de case 600.000 euros. Respecto ó do título pedíronnos en Augas de Galicia que se chamará así.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as dez concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

Neste intre fai a entrada no Salón de Sesiós a Sra. concelleira do Veciños de Bergondo, M.^a Loreto Caseiras Arroyo e pasa a ocupar o seu lugar.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, NOMEADOS “REDES DE SANEAMIENTO Y PLUVIALES EN BERGONDO (LUGAR DE SAN ISIDRO” E ”RED DE SANEAMIENTO EN CORTIÑÁN (LUGARES DE A FRAGA, OS CURROS Y OS CAMPOS)”

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Con data 6 de xuño de 2008, e núm. 3335 do Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse un escrito da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que nos comunican que o Pleno desa Deputación aprobou as **Bases reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011**, entre os que se atopa incluído este concello, e ó que se lle asina a cantidade de **405.714,07 euros**.*

*As Bases que regulan o dito Plan, publicáronse no Boletín Oficial da Provincia núm. 128, do día 5 de xuño de 2008. De acordo co citado Plan, “os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha **achega municipal** mínima calculada aplicando ó orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda” segundo a escala establecida nas Bases reguladoras do mesmo, e que no caso do Concello de Bergondo, por ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes é do 10%. Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra.*

*Así mesmo, as bases regulan, entre outros, a documentación que deberán presentar os concellos que desexen participar no citado organismo e que é a seguinte: **certificación do acordo plenario municipal** segundo o modelo remitido pola Deputación, **informe técnico** para cada un dos proxectos presentados, **documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas e documentación técnica** consistente en dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público.*

No Pleno de data 25/09/08 consta o acordo de participación e aprobación, por este concello, dos proxectos técnicos correspondente ás anualidades 2008 e 2009. Polo que agora corresponde solicitar as anualidades correspondentes a 2010 e 2011. A **data límite de presentación** da citada documentación é a que se indica a continuación:

Anualidade de aprobación do Plan pola Deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2010	30 de setembro de 2009
Anualidade 2011	30 de setembro de 2010

En consecuencia procedeuse a solicita-la elaboración dos proxectos correspondentes e a requirir do arquitecto municipal a emisión dun informe sobre os mesmos, co fin de **propoñer ó Pleno que, tras o exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:**

Primeiro. Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, **anualidades 2010 e 2011**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“Rede secundaria de saneamento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros e Os Campos)”, presentado no Concello o 19/05/2009, con núm. 3260 do Rex. Xeral de Entrada . ANUALIDADE 2010	178.032,72 euros	17.803,27 euros	160.229,45 euros
Redes de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro) , presentado no Concello o 19/05/2009, co núm.3259 do Rex. Xeral Entrada . ANUALIDADE 2011	127.187,16 euros	12.718,72 euros	114.468,44 euros
TOTAL	305.219,88 euros	30.521,99 euros	274.697,89 euros

Segundo. Aprobar os proxectos técnicos citados no apartado primeiro, redactados polo enxeñeiro de camiños don José Luis Piñeiro Arnos, colexiado núm. 5178.

Terceiro.- Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.

Cuarto. Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para facer fronte á obra nomeada “**Red secundaria de Saneamento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros e Os Campos)**”, correspondente á anualidade 2010, e, “**Redes de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro)**”, correspondente á anualidade 2011.

Quinto. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento dos citados investimentos.

Sexto. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo. Facultar á alcaldesa para executar todo o relacionado co presente acordo.

Non obstante, o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 19 de maio de 2009= A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle e di: nós imos votar a favor, pero en Cortiñán queremos que se dea continuidade porque senón quedaría sen saneamento o que é a zona

dende o antigo parador ata a gasoleira, sería mellor acabar con ese tramo para que quede esa zona saneada.

Sra. alcaldesa: si, sería o único que faltara, Cortiñán quedaría practicamente saneado, pouco a pouco se irá metendo.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: tamén propoñemos que se contrate esta pequena parte de Cortiñán e así quedará rematada esa zona.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

10.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e di que eles teñen presentada unha moción en relación que é: “*PROPOSTA DE ACORDO PARA A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL*”, xustifica a súa urxencia en que este asunto xa foi aprobado pola Corporación nun Pleno do ano 2007; estase retrasando demasiado, polo que consideran urxente retomalo para sacalo adiante.

A continuación, sométese a votación a urxencia deste asunto; o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

Sr. Voceiro do BNG: nós entregamos unha copia da Moción a cada un dos grupos, polo que pensamos que non é necesario darlle lectura, xa que é moi extensa. Cada un que diga o que estime conveniente.

Sra. alcaldesa: por parte do equipo de goberno si se considera necesario, como xa dixemos outras veces, facer o Regulamento de participación veciñal, pero tamén dicimos que o grupo municipal socialista non votará a favor deste Regulamento porque, basicamente, non consta dos informes xurídicos pertinentes para poder aprobalo hoxe. O que si, pode valer como base ou documento de traballo para que entre todos os grupos municipais facer un Regulamento veciñal, polo que o noso voto será en contra.

Sr. Voceiro do BNG: nós tampouco pretendiamos que se aprobara hoxe, o que queremos é un compromiso da Alcaldía, neste caso, e de todos os grupos, para sacar adiante o antes posible e que no próximo Pleno ordinario se presente xa con todas as rectificacións que teña, e os informes correspondentes.

Sra. alcaldesa: ¿no próximo pleno ordinario, o documento xa rematado?.

Sr. Voceiro do BNG: son dous meses.

Sra. alcaldesa: nós nos comprometemos a intentar traballar nel.

Toma a palabra a Sra. concelleira do PP, Silvia M.^a Vázquez Cardelle e manifesta: dende o Partido Popular queremos manifestar o noso acordo coa necesidade de que haxa un Regulamento de participación veciñal, pero despois de facer unha análise exhaustiva da proposta presentada polo BNG, cremos que é inviable e non se adapta á capacidade do noso concello para levala a cabo.

Estamos de acordo con que desde o concello se establezan lazos de comunicación cos veciños, coas asociacións e as agrupacións; estamos de acordo con que haxa unha participación activa, tanto da persoa física como das persoas xurídicas, pero non vemos viable a proposta presentada na súa totalidade. Pensamos que primeiro deberían funcionar correctamente os medios informativos, como pode ser a páxina web, dende o concello que se actualice diariamente, que haxa paneis informativos como hai no concello de Oleiros; en definitiva, sentar un pouco as bases para que posteriormente se leve a cabo este nexa entre o cidadá e o concello de maneira eficaz e rápida.

O que si, queremos puntualizar dende o Partido Popular, un punto, que é o artigo 5.d), cando se refire a *utilizar o idioma galego nas súas relacións coa corporación de Bergondo*; agora estamos seguros, e podemos afirmar, que o Sr. Quintana deixou un bo legado no seu partido; é a de impoñer ó cidadá a lingua a utilizar, eu lles quero recordar o artigo 3 da Constitución onde di que *el castellano es la lengua española oficial del Estado, y que todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho de usarla*.

Fundamentamos a nosa abstención en que, estamos de acordo na necesidade dun Regulamento, pero que este non se adapta ás necesidades, e propoñemos unha reunión cos veciños, cos grupos da oposición, co grupo de goberno, para chegar a un Regulamento adaptado ás nosas necesidades.

Sra. alcaldesa: soamente unha incidencia Sra. concelleira, xa sei que ó mellor agora as cousas cambian na Xunta, pero a Lei de Normalización Lingüística aprobouse, no seu momento, polos tres partidos, incluído o PP, e as Administracións deben facer un esforzo de falalo cos seus cidadáns.

Sra. concelleira do PP: pero non por imposición.

Sra. alcaldesa: non, pero si intentar favorecer e apoiar unha lingua minoritaria, neste caso, que si as Administracións non a apoian, ten bastante que perder.

A continuación o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro manifesta: fai un ano e pico aprobamos entre todos unha Moción para crear un documento de participación cidadá, creo que o importante non é presentar un documento que sirva de base, o importante é que, polo menos, nós nos xuntemos para crear ese documento e participemos todos. Para esta convocatoria estiven facendo un proceso, de acordo coa normativa da Unión Europea, de como debería ser a participación cidadá, sobre todo en concellos de nove ou dez mil habitantes; custoume moito traducilo a un *PowerPoint*, xa que fun facendo todos os procesos de como facelo.

Os artigos que presenta o Bloque son básicos, exceptuando o punto 5 que se podería mellorar. Son articulados básicos para crear, ou definir, como atallar a participación cidadá dentro da vida pública. Temos que facer un esforzo para que saía de todos nós.

A Sra. alcaldesa podería ternos convocado a unha primeira Mesa de traballo, onde puxeramos as inquietudes, necesidades, ou, incluso, procesos. O mais importante non é ter un montón de artigos, senón saber cando e como debe participar un cidadá, deberes e dereitos.

Nós imos absternos, pero si gustaríame que de aquí saía un acordo de que isto fose o inicio dunha Mesa para empezar a traballar; aprobar un compromiso de xuntarnos xa.

Sra. alcaldesa: si que quedamos, haberá que ver o proceso; pero lles digo que isto non é unha asemblea, nin tampouco un concello funciona como unha asemblea, como algún partido.

Os políticos tamén temos responsabilidades, e os veciños nos votaron no seu momento, xa que levabamos un programa electoral, e, en base a iso deciden votar a uns ou outros, e ós catro anos deciden se seguimos gobernando ou se lle da o goberno a outros.

Sr. voceiro de VB: iso chamase votar.

Sra. alcaldesa: e participar, o que lle quero dicir é que vostedes poden pensar que non se teñen en conta os veciños porque non hai ningún proceso, pero este grupo municipal dende hai dez anos leva escoitando ás Asociacións de Veciños; cada vez que piden unha reunión, se fai. O que si tamén lle adianto, que, aquí e en todas partes, somos egoístas e cada un vai pedir para si, e aí é onde os políticos temos que tomar as decisións, porque é imposible estar de acordo con todos, iso xa lle adianto, independentemente da participación e das ideas.

Sr. voceiro de VB: creo que se están mesturando as cousas; unha cousa é o interese que ten un partido cando intenta alcanzar un posto, e outra cousa é unha vez dentro como involucrar a toda a cidadanía para que iso ademais se faga e se consolide, e ademais comentemos o traballo en equipo, que é o que pretende esta norma.

Toma a palabra a Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García e di: no Bloque Nacionalista Galego non pretendemos inventar nada, se algún partido político revisará, tan exhaustivamente co di, isto, vería que a Lei reguladora das bases do réxime local establece que os concellos deben promover e desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá. Hai regulamentos aprobados en moitos concellos de Galicia, isto non é inventar nada.

Que o importante, ou non, sexa aprobar un *tocho*....; isto o que da son dereitos, o resto son boas intencións, isto establece uns dereitos dos veciños.

Por outro lado, quero preguntar á representante do Partido Popular, en que non se adapta este regulamento ó Concello de Bergondo, en que puntos, porque moitas cousas xa se están aplicando aquí, e, introduce tres cousas que para nós son fundamentais, a creación do Consello Veciñal que poida actuar como consello consultivo, no que estean representadas todas as asociacións e os partidos políticos; introduce a participación de veciños nos Plenos, que tamén para asuntos particulares son eles os que mellor poden propoñer e falar, sempre que a alcaldesa o autorice previamente, como se di no regulamento, e, por último, participar, en parte, nas inversións e gastos dos orzamentos que se vaian facer nas súas parroquias; esas tres cousas son as que se introducen.

Nós estamos de acordo que isto se discuta, non temos interese, con dous concelleiros, en impoñer un documento, nós temos que actuar é ante o paso do tempo, que estamos na metade da lexislatura e preguntamos en todas as sesións dos Plenos como esta isto e se nos contesta *estamos trabajando en ello*, como di Aznar. Nos temos que poñer a traballar, non por estar dous anos sen facer nada se esta madurando a cousa; queremos compromisos concretos de crear un grupo de traballo.

Por ultimo, o tema do galego, aquí pon *todos os veciños e veciñas do concello teñen dereito a*...isto non é impoñer, normalmente isto se utiliza como discriminación positiva; nós queremos defender a lingua galega, isto é discriminación positiva. Coa muller, o Partido Popular tamén se opoñía as cotas do 50% e despois aquí denunciou a algún partido político por non ter ese 50% de mulleres, iso é unha imposición coa que estamos de acordo, vostedes tamén deberían tomar nota para o galego. As mulleres teñen dereito porque veñen dunha situación discriminatoria, e o galego o mesmo, necesita este tipo de medidas para que persista. O 100% dos nenos de Galicia saen con competencias plenas do castelán, e hai un 20% de nenos que ó rematar a escola non sabe, nin escribir nin falar correctamente o galego; iso son os problemas que hai aquí para os castelán falantes, por favor, Sra. concelleira do PP, cando fale infórmese e non fale con dogmas que lle veñen impostos desde Madrid, eses si que llelos impoñen.

Sra. concelleira do PP: efectivamente.

Sra. alcaldesa: votamos a moción presentada, ou se adopta o acordo de reunirse nun grupo de traballo, e empezar a traballar en quince días.

Sr. voceiro do BNG: nos estamos de acordo co grupo de traballo.

Sra. alcaldesa: ¿están de acordo o resto dos grupos?, isto ten que ser un acordo de todos.

Sr. voceiro de VB: si estamos de acordo.

Sra. concelleira do PP: si

En base ao exposto anteriormente, queda retirada a moción presentada polo BNG, tendo en conta que xa se está traballando actualmente na redacción deses proxectos.

11.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 20 de marzo ata o 22 de maio de 2009, numerados do 206/2009 ó 454/2009. O Pleno queda enterado.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do PP, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 27 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3437. A Sra. concelleira do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

ROGOS:

1.- *Carretera del punte del Pedrido a la entrada de la playa. Caída de tierra en el margen de derecho. Creación de una senda peatonal.*

2.- *Curvas de Miodelo, caída de tierra.*

Sra. alcaldesa: estamos esperando autorización da consellería para poder talar unhas árbores que son as que provocan esa caídas de terra.

3.- *Fuente situada en la playa del Pedrido. Arreglo de los grifos, no cierran y sale agua.*

4.- *Mayor señalización en los arenales y plaza públicas para la prohibición de entrada de los animales a los mismos. Regulación de las sanciones a aquellos que cumplan la normativa.*

5.- *Rebacheo del camino del campo de fútbol. Retirada de escombros, limpieza del camino y control de los vertidos existentes.*

6.- *Fuente de Miodelo (pegada al río) arreglo del grifo. No cierra y sale agua.*

- 7.- *Fuente de Vixoi. Arreglo de la misma por falta de agua.*
- 8.- *Arreglo del espejo de San Paio (a la altura del puente).*
- 9.- *Bachear en Cortiñán el camino que va desde el puente a la iglesia (paralelo a la vía del tren).*
- 10.- *Arreglo del camino de Os Condes.*
- 11.- *Arreglo del camino Vilanova-Reboredo.*
- 12.- *Instar a la Xunta para el sellado del Tejo.*
- 13.- *Arreglo de la reja de la capilla de San Isidro.*
- 14.- *Cortar la maleza que sobresale en las aceras en Ouces. Dar continuidad a la acera a la altura de la panadería.*
Sra. alcaldesa: a maleza estase cortando estes días.
- 15.- *Solicitamos un homenaje a José García Verdía. Colocación de una placa con su nombre en la plaza que se creará en Guísamo.*
- 16.- *Solicitamos mayor vigilancia en el Polígono de Bergondo por parte de la policía local debido al mal estacionamiento de los vehículos. Sancionar en caso de incumplimiento de la normativa.*
Sra. alcaldesa: xa se está sancionando.
- 17.- *Limpieza del arenal de la playa de Gandarío.*
Sra. alcaldesa: cando veñan as subvencións da Xunta de Galicia, que creo que este ano se vai retrasar.
- 18.- *Eliminar las vallas de obra colocadas en el Rio Mayor.*
- 19.- *Arreglo de la carretera de San Juan de Ouces.*
- 20.- *Colocación de un paso de cebra en la senda peatonal al centro de minusválidos.*

PREGUNTAS:

- 1.- *Situación del proyecto para la seguridad vial en la N.VI. Sigue habiendo un índice altísimo de siniestralidad y ya hace varios meses que se habían reunido con Fomento para buscar soluciones.*
Sra. alcaldesa: como xa dixemos aquí, se nos dixo que a finais de ano teriamos coñecemento do proxecto, pero a día de hoxe aínda non sabemos nada.
- 2.- *¿Cual es el motivo por el que no se inauguró el acceso al Centro de Minusválidos?.*
Sra. alcaldesa: que nós saibamos aínda non está recepcionada, en todo o caso será a Xunta a que decida facer ou non inauguracións.; se se refire ó uso, aínda non está recepcionada pola Xunta.
- 3.- *Posición del Partido Socialista acerca del posible desvío de la carretera en “As Cerqueiras”.*

Sra. alcaldesa: como grupo municipal socialista, sería favorable como xa se comentou aquí varias veces.

4.- *¿Cuál es la situación de los viales por Renfe?. ¿Cual es el motivo de que lleven un ancho de 8 m. cuando son viales sin uso?*

Sra. alcaldesa: cando se lle fixo a proposta a Renfe, da eliminación dos pasos a nivel, se lle pediu que amañaran os camiños, asumiron eles os custos e dotáronnos dun ancho normal.

5.- *¿Para cuando está prevista la finalización de la obra de la instalación eléctrica en Trasdoval y Peteiro?*

Sra. alcaldesa: a licenza se lle deu en novembro de 2008, e ten un prazo de 20 meses desde que se lles notificou, esta pregunta tamén a fai Veciños de Bergondo, boten vostedes contas, pero aínda lles queda prazo.

6.- *Decretos y Resoluciones. Partida 121-163, factura por valor de 1255,80 € a favor de Joaquín Couceiro Louzao en concepto por permiso de conducir C/C1/BTP de Antonio Balbís. Explicar el motivo por el que el ayuntamiento hace frente a los gastos del permiso de conducir de un trabajador.*

Sra. alcaldesa: neste caso considerouse que cando o traballador ocupou este posto de traballo, na convocatoria non se esixía esta clase de permiso, solo B1, e co motivo da xubilación dunha das persoas que conducía os vehículos para os que se necesitan esta clase de carnés, vimos necesario e urxente que polo menos outro traballador puidera conducirlos.

Sra. concelleira do PP: nós non estamos moi de acordo, xa que unha cousa é pagar cursos de reciclaxe e outra obter un permiso de conducir.

Sra. alcaldesa: pero, neste caso, o máis favorecido era o concello ó poder dispoñer dunha persoa que realmente puidera facer uso deses permisos.

Sra. concelleira do PP: pero é discriminatorio para o resto dos traballadores.

Sra. alcaldesa: pero hai que valorar o beneficio do concello.

7.- *Decretos y Resoluciones. En cuanto a la solicitud de incapacidad permanente en el grado de absoluta de Juan José Rocha ¿qué va a suceder con esa plaza?, según la Ley de coordinación de la policía local, hay dos años desde la salida en vigor de la presente ley para integrar mediante concurso-oposición a los auxiliares de policías locales.*

Sra. alcaldesa: extínguese, porque ademais non se pode convocar; de tódolos xeitos esta praza aínda esta en vigor, xa que este traballador ten unha revisión da súa incapacidade nun ano, despois se nos comunicará por parte da Seguridade Social se realmente e baixa definitiva, ou non.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 27 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3434. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

PREGUNTAS:

1.- *Hai varios meses que se solicitou mediante instancia no rexistro o arranxo de certos elementos de titularidade municipal, en concreto os seguintes:*

- *O lavadouro e fonte de San Vitorio, en Vixoi, que xa neutros Plenos díxose que estaba a piques de comezar e ata o día de hoxe non se fixo nada.*

- *A barandilla do paso do río en Miodelo, que está rota e oxidada, supoñendo un perigo para os usuarios e que, agora mesmo está cuberta por maleza, de forma que non se ve que nos existe protección e pode caer ó río incluso algún vehículo.*
- *A carretera que, desde Miodelo sube por Pisón ata Vixoi, que está outra vez chea de vaches.*
- *As cunetas da carretera que, desde Santa Marta, vai tamén a Vixoi, e que ten a maleza cubrindo incluso algunha sinal de tráfico e as barandillas do paso do río, facendo perigoso o cruce dos turismos co autobús escolar.*

¿Se nos pode decir cándo se van arranxar estes elementos?

Sra. alcaldesa: non lle podemos dicir unha data concreta; de todas formas estamos pendentes de contratar que nos ven en verán, coas subvencións da Xunta e da Deputación.

2.- Os veciños de Trasdoval preguntan cándo rematará a obra de Fenosa que ten as carreteras coas zaxas sen asfaltar. ¿Pódenos dicir o prazo que lles resta para finalizar a obra según a contratación?.

Sr. voceiro de VB: deberían vixiar que se cumpra a Lei de prevención de riscos laborais; non pode ser que pola noite deixen arquetas abertas cunha simple valla, sen iluminar.

Sra. alcaldesa: o seu director de obra é o encargado, haberá que requirírllelo.

Sr. voceiro de VB: esta mesma obra, se se vai a Peteiro, deixaron un burato de 3 metros cunha valla pegada, xusto nunha curva, que é un perigo.

Sra. alcaldesa: preguntáraselle á empresa por isto.

3.- Os vehículos aparcan no parque de Rois impedindo a utilización deste polos nenos pódense instalar algún elemento que limite unha zona de aparcamento da dos xogos?

Sra. alcaldesa: se vai poñer algún tipo de límite, a pesar de que pensamos que no seu momento teremos as protestas dos veciños.

Sr. voceiro de VB: é que ou é parque, ou é aparcadoiro.

Sra. alcaldesa: O temos claro, é un parque e non se pode aparcar aquí.

4.- ¿Cándo se vai reparar o parque de Santa Marta e cándo se vai executar o acordado a raíz da Moción de Xaneiro de 2008?. Creo que comezábbase a votar asfalto nestes días.

Sra. alcaldesa: si, é o mesmo proxecto que a rotonda do Polígono.

Sr. voceiro de VB: se pero nesa mesma moción estaba o arranxo do parque de Santa Marta, o parque infantil, que non entrou dentro do Plan, que, ademais, ían dous pasos de ceбра, un fronte ó centro social e outro ó lado de Euroespes. Ademais o valado dese parque, isto é importante que se faga.

5.- ¿Cándo está previsto comezar a reparación da ponte do tren en Sampaio e que se acordara por Moción solicitar o inicio destas obras?. Agora esta roto o outro lado.

Sra. alcaldesa: se lle volverá a requirir á Deputación.

6.- ¿En qué estado se atopa o expediente para a construción da depuradora de Gandarío?.

Sra. alcaldesa: identificar propietarios, xa se comezou, ese traballo de campo xa está feito. O proceso xurídico aínda non comezou, xa que estamos pendentes desa autorización da Xunta.

7.- ¿Cándo se van limpar as cunetas e desagües rotos en Armuño? Porque segue baixando bastante auga dende a explanada da Feira. Ademais, de paso que se vai facer a carretera de Armuño, se se poden arranxar tres tubos que están rotos, e o que fan é desviar a auga para as casas en vez de para as cunetas.

Sra. alcaldesa: se está traballando naquela zona, entón comprobarase.

8.- *Son moitos os veciños que piden un paso de cebra na zona da estrada a Ferrol á altura da Farmacia, xa que sólo existe un diante do Concello. Estamos a recoller firmas para presentar no Concello. ¿Podemos contar cun compromiso da Alcaldía para facilitar o cruce dos peatóns á Farmacia?.* Creo que hai que pensar nun plan nesa rotonda, para poder cruzar a carreteira seguro, calquera día vai haber unha desgraza.

Sra. alcaldesa: se lle pedirá á Xunta que é a titular da carreteira.

9.- *Na Cruz do Sar, na mesma estrada da carreteira que vai á Senra, existe unha finca en forma triangular onde se atopan os contedores, que sempre está invadida pola maleza, sucia e inutilizada, o que ofrece unha pésima imaxe. De ser de titularidade municipal, ¿Poderíase votar gravilla e instalar un par de bancos para usala como zona de descanso e esparcemento de varios maiores que reúnen alí e teñen que sentar na marquesina do bus por non haber outro lugar?.*

Sra. alcaldesa: non é municipal, precisamente estamos en negociacións cos donos para poder mercala.

10.- *En Peteiro, a empresa que está acometendo o cableado de Fenosa deixou un socabón de considerables dimensións dende fai 3 meses, ademais de ter una pésima sinalización o que resulta perigoso ¿Pódese solucionar este feito?.*

Sr. voceiro de VB: isto xa se comentou antes.

11.- *En Lubre cambiouse ó fin a barandilla pero faltan aínda 10 metros na casa de Patiño e 4 metros na ponte. ¿Cándo se van instalar?.*

Sra. alcaldesa: xa se lles comentou ós veciños que o faríamos nós.

12.- *Os veciños de Pisón, cercanos ó lavadoiro, solicitan a instalación dunha sinal de limitación da velocidade e indicación do cruce. ¿Pódese poñer?.* Concretaremos a zona.

13.- *As inversións previstas para este ano 2009 ¿Vánse cumprir? ¿Iniciáronse os trámites para a construción dos novos nichos? ¿Qué hai feito da documentación relativa ó Centro de Día?.*

Sra. alcaldesa: algunhas xa están en proceso de contratación, estas en concreto aínda non.

Sr. voceiro de VB: quero recordarlle unha cousa, temos a poboación mais envellecida da comarca das Mariñas, hai que facer un esforzo.

14.- *¿Qué previsións tiene la Alcaldía a curto prazo para a provisión de máis prazas de Guardería? Prometéusenos en 2007 unha Guardería nova no Polígono en menos de dous anos pero non creemos que se iniciara a obra.*

Sra. alcaldesa: o que se pretende é que a gardería dobre o número de prazas, pero non é un proxecto a curto prazo.

Sr. voceiro de VB: ¿iniciaron algún proceso de colaboración?, sabe que hai que agrupar todas as escolas pequenas.

Sra. alcaldesa: as escolas pequenas están funcionando porque segue habendo prazas, por parte da consellería non hai ningún problema, pero se perdería ese trato directo que hai, pero a tendencia é esa.

15.- *¿Existe algún plan municipal para a contratación de persoal en paro de Bergondo, por exemplo brigadas contraincendios ou limpeza...?*

Sra. alcaldesa: cando se presentaron os orzamentos xa dixemos que o concello xa facía un Plan de Emprego municipal con contratos a media xornada con xente que estivera no paro, e se está levando a cabo. As contratacións que veñen da Xunta por Plans de Cooperación xa esixen que ten que ser xente do paro.

Sr. voceiro de VB: eu lle pregunto por nós, directamente, ¿cantas persoas temos traballando?.

Sra. alcaldesa: agora mesmo creo que son cinco, que rematan agora en xuño, e despois se volverá a contratar, xa que no verán é cando se necesitan mas persoas.

16.- *Outros Concellos como o de Coirós incrementou neste difícil ano as axudas ó nacemento nun 170%, pasando de 300 euros a 500 no caso do primeiro fillo; de 500 a 700 para o segundo; de 1.200 a 1.300 euros para o terceiro, e para o cuarto e quinto fillo 2.400 e 3.600 euros respectivamente.*

O noso Concello ¿Ten articuladas axudas como éstas? De non ser así ¿Podemos aplicar este mesmo sistema de axuda directa moi importante para as nosas familias?.

Sra. alcaldesa: non, as características do Concello de Coirós non son como as do noso; no seu momento Coiros ofrecíaa porque primaba que a xente quedaría alí, xa que tiña un problema de natalidade bastante importante. Nós non temos ese problema, segue habendo nenos, a proba está que a gardería está funcionando.

Cada Corporación toma as medidas que considera oportunas, nós estamos máis pola gardería, aínda que sexa insuficiente, polas becas en todos os tramos de idade....

17.- *Nas naves da empresa M. Rey se están a executar obras de corte e eliminación do camiño real. ¿Teñen estas obras licenza Municipal? ¿Coñece o Concello estas obras? ¿De non teren licenza, qué se fixo para paralizalas?.*

Sra. alcaldesa: non esta claro que sexa ese o camiño real, tamén pode ser un camiño de acceso a unha vivenda que comprou esta empresa.

Sr. voceiro de VB: o camiño real tiña entrada e saída. Eu penso que deberían comprobalo, os camiños reais son nosos, dan acceso a montes de veciños e ninguén debe quedarse con eles. Lle pido un informe policial, ou urbanístico de como esta isto.

18.- *Unha vez asfaltada a carretera de Sada a Armuño, na zona de Mión queda un precipicio moi perigoso. ¿Pódense instalar vallas ou outros elementos de protección?*

Sra. alcaldesa: estudárase esa posibilidade.

19.- *Limpouse parte del río de Lubre ¿Vaise terminar a parte que vai de Guinlle ó Polígono?. En Guinlle hai un paso sobre o río que non ten barandilla, sendo perigoso e estreito, a cando chove a auga rebosa por encima da estrada ¿Pódese arranxar definitivamente esta situación?.*

20.- *Fai uns meses que a Xunta pechou a perrera á que levabamos os cans. ¿A dónde se están levando agora? ¿Qué empresa se ocupa desde traballo?.*

Sra. alcaldesa: estanse levando a Cambre, á Rosaleda, é onde os están levando a maior parte dos concellos de por aquí, mentres non se adopte no Pleno do Consorcio o tema deste servizo.

Sr. voceiro de VB: ¿o prezo segue sendo o mesmo?.

Sra. concelleira de Benestar Social e Xuventude: si, 125 euros por can.

21.- *¿Hai posibilidade de que o edificio da Senra poda abrir os fines de semana como centro social ou de encontro?*

Sra. alcaldesa: agora co persoal que hai xa facemos números para intentar cubrir o máximo horario posible; a tendencia é ir incrementándoo e incluso os fins de semana.

Sr. voceiro de VB: é unha pena que ese edificio estea pechado os fins de semana.

Sra. alcaldesa: cando non hai actuacións; a intención sempre foi esa, pero precisamos mais persoal.

O Grupo municipal do BNG presentou os seus Rogos e Preguntas o día 27 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3439. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

PREGUNTAS:

1) *¿Qué funcións concretas desempeñou o asesor de prensa que cobrou 5.586 euros por parte do Concello de Bergondo?*

Sra. alcaldesa: as que desempeña calquera compañía ou gabinete de prensa, e que as ven realizando durante todos estes anos; os comunicados, as convocatorias de roldas de prensa, as notas de prensa que se emiten por parte do concello. É unha factura anual, e unha cantidade pequena.

2) *¿Existe algunha novidade acerca do servizo de recollida de cans?*

Sra. alcaldesa: temos que volver a traer a Pleno á adhesión do servizo ó Consorcio das Mariñas, xa que hai dous concellos que aínda non fixeron á declaración de adherirse, e, se non o fan tería un custo maior para o resto dos concellos.

3) *Situación da parcela do Polígono Industrial de Bergondo, para uso deportivo, que se utiliza actualmente para aparcamento.*

Sra. alcaldesa: non se utiliza como aparcamento; é onde se fai a Feira, e, provisionalmente, a Comunidade de Propietarios lle pediu ó concello que, debido a que hai empresas que apenas teñen sitio para aparcar, podían facer un escrito comunicándolle á esas empresas que podían aparcar alí. É un sitio que non se utiliza demasiado, polo que acaban utilizándoo para os vehículos que hai por alí cerca, pero non é un aparcamento, segue sendo para uso deportivo.

Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: se non funciona como aparcamento, ¿que fai alí un cartel que pon *aparcamento*?

Sra. alcaldesa: digo que é un aparcamento provisional, se lle deixou á Comunidade de Propietarios que fixera ese comunicado a todas as empresas do Polígono por se alguén quería utilizalo, porque hai un problema de aparcamento. Xa que esa parcela está baleira, darlle ese uso. Hoxe vostede encontrara todos os contedores que pediron do Consorcio se lles deixabamos poñelos alí.

Sr. concelleiro do BNG: casualmente estaban os coches dunha empresa de aluguer de vehículos, pero cando se faga algo que non respecte a legalidade, como é isto, polo menos habería que ter o consenso de todos os grupos políticos, e que souberamos que se toma esa decisión, porque ¿a Comunidade de Propietarios con quen falou?, coa alcaldesa.

Sra. alcaldesa: si.

Sr. concelleiro do BNG: a nós parécenos que puidera ter mais sentido facer un aparcamento público para todos.

Sra. alcaldesa: é que non é un aparcamento público, é un uso que se lle está dando provisionalmente.

Sr. concelleiro do BNG: pero non é legal, porque esa parcela non está para ese uso. O que nós lle pedimos é que cando tome unha decisión, no la comunique e lle dea conta ó Pleno.

Sra. alcaldesa: a alcaldía pode tomar esa decisión, xa que a Lei de bases lle da esa competencia.

O grupo do BNG pregunta, aínda que non estaba recollida no escrito presentado:

4; Por qué se parou a obra de colocación de tubos nos tres cámpings de Moruxo?

Sra. alcaldesa: non lle podó dicir, o concelleiro de obras non está hoxe, lle contestaremos no próximo Pleno.

ROGOS

1) Que se repoñan as tapas das arquetas no camiño de Armuño a Obra de Paño, por Fornos, pois faltan moitas delas.

2) Que se encargue o proxecto para a traída de augas a 5 casas en Mión-Bergondiño e se execute a obra, que foi aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación. Aproveitando que se estaban a facer as obras de alcantarillado, no último Pleno comentamos de poder facelas ó mesmo tempo para non ter que abrir os camiños varias veces.

Sra. alcaldesa: naquel momento este proxecto ía incluído no Plan Mandeo, pero este Plan tivo varios recortes, e un deses recortes foi o abastecemento de auga; seguimos tendo proxectos de saneamento, dinamización turística, varias cousas, pero o abastecemento de auga foi un recorte en todos os concellos. Pero haberá que facelo polo concello.

3) Que se negocie coa Demarcación de Costas o rescate (e posterior derribo) dos seguintes galpóns na praia do Pedrido

.- Galpón nº 80: concesión do 04-11-1960

.- Galpón nº 81: concesión do 17-02-1966

.- Galpón nº 82: concesión do 24-02-1965.

Sra. alcaldesa: o anterior alcalde xa había estudado este tema, volverase a mirar de novo.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e catorce minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental

V. e Pr.:
A alcaldesa

Indalecio Taibo Salorio

Alejandra Pérez Máquez